

**XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 13  
VIGO**

**ORD PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000919 /2021**

Procedimiento origen: /

**Sobre OTRAS MATERIAS**

DEMANDANTE D/ña.

Procurador/a Sr/a.

Abogado/a Sr/a. AZUCENA NATALIA RODRIGUEZ PICALLO

DEMANDADO D/ña. COFIDIS, S.A., SUCURSAL EN ESPAÑA

Procurador/a Sr/a.

Abogado/a Sr/a.

**S E N T E N Z A 00348/2021**

Vigo, 16 de novembro de 2.021.

Vistos por D<sup>a</sup>. , Maxistrada Titular do Xulgado de 1<sup>a</sup> Instancia nº13 de Vigo e o seu Partido, os autos de Xuízo Ordinario rexistrados co nº919/21, a instancia do procurador dos tribunais D. , en nome e representación de D<sup>a</sup>. , contra a entidade de crédito "COFIDIS, S.A.", ditouse a presente sentenza con base nos seguintes,

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** O procurador dos tribunais D. , en nome e representación de D<sup>a</sup>. , presentou demanda de xuízo ordinario o día 06 de setembro de 2.021, contra a entidade de crédito "COFIDIS, S.A.".

**SEGUNDO.-** Admitida a trámite a demanda por decreto de 04 de outubro de 2.021 emprazouse á parte demandada para a contestación á demanda, conformándose esta parte cas peticións realizadas pola parte actora e quedando as actuacións vistas para ditar sentenza.

No presente procedemento cumpríronse tódolos requisitos legais previstos nos **artigos 399 e ss. da Lei de Axuizamento Civil**.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### **PRIMEIRO.- Pedimentos das partes.**

Neste procedemento a parte demandante exercitou acción por mor da cal interesou que se dite sentenza na que:

"1.- *Con carácter principal*, se declare la nulidad por usura del contrato de Solicitud de crédito con n° , suscrito por Doña y COFIDIS HISPANIA, E.F.C., S.A. (actualmente COFIDIS, S.A., Sucursal en España), el 7 de julio de 2.004, así como del contrato de seguro, condenando a la entidad demandada a restituir a mi representada la suma de las cantidades percibidas en la vida de la línea de crédito que excedan del capital prestado a la demandante, más los intereses legales devengados de dichas cantidades."

Como xa se dixo, a parte demandada presentou escrito conformándose ca pretensión deducida con carácter principal pola parte actora no suplico da súa demanda solicitando que non se lle impoñan as custas do presente procedemento.

### **SEGUNDO.- Conformidade da parte demandada.**

Resulta de aplicación a este respecto o disposto no **artigo 21.1º da lei de Axuizamento Civil** segundo o cal cando o demandado se achante con tódalas pretensións da parte actora dítarase sentenza acollendo devanditas pretensións agás que o achantamento se faga en fraude de lei, ou supoña renuncia contra o interese xeral ou en prexuízo de terceiro.

No caso concreto que nos atinxe non se observa a existencia de fraude de lei nin se desprende do actuado que exista prexuízo para o interese xeral ou para terceiros, polo que, e segundo o disposto no artigo antes citado, compre acolle-las pretensións deducidas pola parte demandante no suplico da súa demanda.

**TERCEIRO.- Custas.**

En canto ás custas, aplícase o previsto no **artigo 395.1º da Lei de Axuizamento Civil**: se o achantamento ten lugar antes de contestar á demanda, como é o caso, non procede condena en custas da parte demandada, agás que se aprecie mala fe na parte demandada. Segundo o parágrafo segundo deste artigo, entenderase que, en todo caso, existe mala fe, se antes de presentada a demanda se formulase ó demandado requirimento fehaciente e xustificado de pagamento ou se se iniciara procedemento de mediación ou dirixido contra el solícitude de conciliación.

No caso concreto que nos atinxe consta acreditado en autos a existencia dunha reclamación extraxudicial realizada á parte demandada antes da presentación da demanda, polo que, consonte ó disposto no artigo antes citado, compe condenar en custas á parte demandada.

**DECISIÓN**

**ACORDO ACOLLE-LA** demanda presentada polo procurador dos tribunais D. \_\_\_\_\_, en nome e representación de D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, contra a entidade de crédito "COFIDIS, S.A." e, polo tanto:

**1.- DECLARO** a nulidade, por usurario, do contrato de solícitude de crédito con nº \_\_\_\_\_ suscrito por D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ e "COFIDIS HISPANIA, E.F.C., S.A.", (actualmente "COFIDIS, S.A."), o día 07 de xullo de 2.004 así como do contrato de seguro.

**2.- CONDENO** á entidade demandada a restituír á demandante a suma das cantidades percibidas durante a vixencia da liña de crédito que excedan do capital prestado, cos xuros legais devengados de devanditas cantidades.

Con expresa condena en custas da parte demandada.

Así o pronuncia, manda e asina D<sup>a</sup>.  
Maxistrada Titular deste Xulgado de Primeira Instancia  
nº13 de Vigo e o seu Partido.

**PUBLICACIÓN.-** Dada, lida e publicada foi a anterior  
sentenza pola Sra. Maxistrada que a suscribe, en audiencia  
pública. **DOU FE.**

**A MAXISTRADA**

**A LETRADA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**